

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AUGAS DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 17 de febreiro de 2023 pola que se revisa a declaración de zonas sensibles no ámbito territorial das bacías hidrográficas de Galicia Costa.

A Directiva 91/271/CEE do Consello, do 21 de maio, sobre o tratamento das augas residuais urbanas, establece unha serie de medidas coa finalidade de garantir que as ditas augas sexan tratadas correctamente antes da súa vertedura.

O Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas, incorporou ao ordenamento xurídico español a Directiva 91/271/CEE do Consello, do 21 de maio, regulando a obriga de dispor dun sistema de colectores para a recollida e condución das augas residuais en determinadas aglomeracións urbanas e fixando os distintos tratamentos a que deberán someterse tales augas antes da súa vertedura ás augas continentais ou marítimas, distinguindo se esas verteduras se efectúan en zonas sensibles ou non.

O artigo 7.3 do Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, prevé que a Administración xeral do Estado declarará as zonas sensibles nas bacías hidrográficas que excedan o ámbito territorial dunha comunidade autónoma e que as comunidades autónomas efectuarán a devandita declaración nos restantes casos, do que darán, a oportuna publicidade no respectivo diario oficial.

O artigo 7.2 do Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, de desenvolvemento do Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas, dispón que a declaración de zonas sensibles debe revisarse, polo menos, cada catro anos.

Mediante a Resolución da presidencia de Augas de Galicia do 22 de maio de 2001 (DOG do 30 de maio) declarouse a ría de Pontevedra como zona sensible.

Mediante a Resolución da presidencia de Augas de Galicia do 28 de xaneiro de 2009 (DOG do 4 de febreiro) mantívose a declaración da ría de Pontevedra como zona sensible e declarouse como zona sensible a ría de Ferrol.

Mediante a Resolución da Presidencia de Augas de Galicia do 28 de xaneiro de 2013 (DOG do 27 de marzo) mantívose a declaración das rías de Pontevedra e de Ferrol como

CVE-DOG: 3hkvuq61-s548-b5y9-n5j1-uu9ekcdr2gj5



zonas sensibles e declaráronse como zonas sensibles os encoros e as lagoas indicadas no anexo da resolución.

Mediante a Resolución da Presidencia de Augas de Galicia do 5 de xullo de 2018 (DOG do 23 de xullo) mantivéronse as zonas declaradas nas resolucións anteriores e declarouse como nova zona sensible a masa de auga denominada O Miñor (A Ramallosa).

Polo tanto, transcorridos máis de catro anos desde a última declaración de zonas sensibles no ámbito territorial das bacías hidrográficas de Galicia-Costa, procede realizar a súa revisión, co fin de, se for o caso, manter a cualificación como zonas sensibles das designadas anteriormente e/ou proceder á declaración de novas zonas como sensibles.

De acordo co artigo 7.3 do Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, dispónse dun prazo de sete anos para implantar un tratamento máis rigoroso que o secundario sobre as verteduras das augas residuais urbanas das aglomeracións maiores de 10.000 habitantes equivalentes que se produzan sobre as zonas declaradas como sensibles ou sobre as súas áreas de captación, todo iso conforme as especificacións establecidas no artigo 7 do Real decreto lei 11/1995 e no artigo 6 do Real decreto 509/1996, do 15 de marzo.

O mencionado prazo de sete anos comeza a contar desde a entrada en vigor da declaración das correspondentes zonas. É dicir, nos casos afectados por unha nova zona definida nesta nova declaración dispónse de sete anos para a implantación efectiva dun tratamento máis rigoroso alí onde resulte pertinente. Nos casos en que con esta nova declaración se ampliase unha zona sensible previamente declarada, o prazo conta desde a data en que se declarou a zona sensible orixinal previa á ampliación.

O artigo 11.1 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, dispón que corresponden a Augas de Galicia, no ámbito da xestión das bacías intracomunitarias, as competencias que o ordenamento xurídico vixente en materia de augas atribúe aos organismos de bacía.

Realizados os pertinentes estudos, logo de dar audiencia aos concellos afectados e de acordo co establecido no artigo 7 do Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, citado,

RESOLVO:

Primeiro. *Declaración de zonas sensibles*

Declarar como zonas sensibles as que se relacionan no anexo desta resolución, para os efectos previstos no Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen

CVE-DOG: 3hkvuq61-s548-b5y9-n5j1-uu9ekcdr2gj5



as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas, e de acordo cos criterios establecidos no anexo II do Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, de desenvolvemento do Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas.

Segundo. Identificación de aglomeracións urbanas afectadas

Identificar no anexo desta resolución, para cada unha das zonas sensibles, as súas áreas de captación e as aglomeracións urbanas que verten nelas contando cunha carga de vertedura superior aos 10.000 habitantes equivalentes.

A relación citada no parágrafo anterior completárase con aquelas aglomeracións urbanas que superen os 10.000 habitantes equivalentes durante o período de vixencia da presente resolución, en especial tras a revisión que faga a comunidade autónoma das aglomeracións urbanas nas cales se estrutura o seu territorio, de acordo co establecido no artigo 3 do Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro.

Terceiro. Tratamento adicional

Prever, conforme o Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, na consideración do tratamento adicional que deberá aplicarse ás augas residuais urbanas que verten na zona sensible declaradas por risco de eutrofia, a eliminación de nitróxeno, fósforo ou ambos e, de ser o caso, as demais substancias pertinentes, de acordo co criterio de designación da zona sensible indicado na táboa do anexo desta resolución.

As autorizacións de vertedura poderán impoñer requisitos máis rigorosos cando sexa necesario para garantir que as augas receptoras cumpran cos obxectivos de calidade fixados na normativa vixente e, en particular, cos concretos obxectivos ambientais para as masas de auga establecidos nos plans hidrolóxicos.

Cuarto. Publicación e efectos

Dar publicidade a esta declaración mediante a súa inclusión no *Diario Oficial de Galicia*.

Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación, data en que quedará sen efectos a Resolución do 5 de xullo de 2018, da Presidencia de Augas de Galicia, pola que se revisa a declaración de zona sensible no ámbito territorial das bacías hidrográficas de Galicia Costa.



Quinto. *Revisión da declaración*

Esta declaración de zonas sensibles deberase revisar nun prazo máximo de catro anos.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2023

Ethel María Vázquez Mourelle
Presidenta de Augas de Galicia

ANEXO**Relación de zonas sensibles e de aglomeracións
urbanas afectadas pola declaración**

Os campos documentados nas táboas describen os seguintes contidos:

Zona sensible:

- Código: clave única identificativa da zona sensible.
- Nome: nome da zona sensible.
- Masa de auga: código das masas de auga (conforme os plans hidrolóxicos do terceiro ciclo) directamente vinculadas á zona sensible.
- Criterio de designación: identificación do criterio ou criterios que xustifican a declaración conforme a definición que deles figura no anexo II do Real decreto 509/1996, do 15 de marzo. Estes criterios, en síntese, poden ser:
 - aP. Masas de auga en que convén prever a eliminación de fósforo.
 - aN. Masas de auga en que convén prever a eliminación de nitróxeno.
 - b. Masas de auga superficial destinadas á produción de auga potable que poderían conter unha concentración de nitrato superior a 50 mg/l, nas cales se debe prever a eliminación de nitróxeno e fósforo.
 - c. Masas de auga receptoras de verteduras sobre as cales é necesario un tratamento adicional ao secundario establecido no artigo 5 do Real decreto 509/1996 para cumprir o



disposto na lexislación comunitaria, nas cales deberá prever a eliminación de nitróxeno e fósforo.

- Data da declaración: data da primeira declaración desta zona sensible.
- Zona de captación: código da zona de captación desta zona sensible.
- Aglomeracións urbanas maiores de 10.000 habitantes equivalentes:
 - Nome: nome da aglomeración urbana identificada pola comunidade autónoma.
 - Código: código asignado á aglomeración urbana no exercicio de notificación bienal Q-2021.
 - Comunidade autónoma: nome da comunidade autónoma competente para a identificación das aglomeracións urbanas que realizan a vertedura dentro da zona sensible ou da súa zona de captación.

CVE-DOG: 3hkvuq61-s548-b5y9-n5j1-uu9ekcdr2gj5





ANEXO

Descrición da zona sensible						Aglomeracións urbanas maiores de 10.000 habitantes equivalentes		
Código	Nome	Masa de auga	Criterio designación	Data declaración	Zona de captación	Nome	Código	Comunidade Autónoma
ESCA2070	Oitavén-Verdugo (San Simón)	ES01426	aP	17.2.2023	ESCM2070	Arcade (Soutomaior)-Vilaboa-Pontevedra Comboa (Soutomaior) Riomaior (Vilaboa)	ES12360530101990 ES12360530209000 ES12360580500000	Galicia
ESCA2071	Umia	ES01428	aP	17.2.2023	ESCM2071	Meaño Cambados e Vilanova de Arousa	ES12360270403010 ES12360060308010	Galicia
ESCA2072	Mendo-Mandeo (Betanzos)	ES01437	aP	17.2.2023	ESCM2072	Betanzos	ES12150090001010	Galicia
ESCA2073	Rande	ES0146	aP	17.2.2023	ESCM2073	Redondela	ES12360450801010	Galicia
ESCA2018	O Miñor (A Ramallosa)	ES014MSPF25	aP	5.7.2018	ESCM2018	Gondomar	ES12360210510010	Galicia
ES014ZSENPZSGC12	Encoro das Forcadas	ES014MSPFES.014.MR.069.000.03.00	aP	28.1.2013	ESCM1213			Galicia
ES014ZSENPZSGC23	Encoro de Baiona	ES014MSPFES.014.MR.312.000.01.00	aP	28.1.2013	ESCM1224			Galicia
ES014ZSENPZSGC18	Encoro de Beche	ES014MSPFES.014.MR.126.000.01.01	aP	28.1.2013	ESCM1219			Galicia
ES014ZSENPZSGC17	Encoro de Caldas de Reis	ES014MSPFES.014.MR.253.000.03.00	aP	28.1.2013	ESCM1218			Galicia
ES014ZSENPZSGC13	Encoro de Cecebre	ES014MSPFES.014.MR.122.000.02.00	aP	28.1.2013	ESCM1214			Galicia
ES014ZSENPZSGC22	Encoro do Con	ES014MSPFES.014.MR.248.000.01.00	aP	28.1.2013	ESCM1223			Galicia
ES014ZSENPZSGC15	Encoro de Eiras	ES014MSPFES.014.MR.298.025.02.00	aP	28.1.2013	ESCM1216			Galicia
ES014ZSENPZSGC11	Encoro de Ponte Oliveira	ES014MSPFES.014.MR.184.000.03.03	aP	28.1.2013	ESCM1212			Galicia
ES014ZSENPZSGC14	Encoro de Pontillón de Castro	ES014MSPFES.014.MR.273.052.03.00	aP	28.1.2013	ESCM1215			Galicia
ES014ZSENPZSGC21	Encoro de Rosadoiro	ES014MSPFES.014.MR.131.000.01.00	aP	28.1.2013	ESCM1222			Galicia
ES014ZSENPZSGC20	Encoro de Santa Uxía	ES014MSPFES.014.MR.184.000.03.01	aP	28.1.2013	ESCM1221			Galicia
ES014ZSENPZSGC19	Encoro de Vilasénin ou San Cosmade	ES014MSPFES.014.MR.204.038.05.00	aP	28.1.2013	ESCM1220			Galicia
ES014ZSENPZSGC16	Encoro de Zamáns	ES014MSPFES.014.MR.311.006.01.00	aP	28.1.2013	ESCM1217			Galicia
ES014ZSENPZSGC7	Lagoa de Baldaio	ES014MSPF35	aP	28.1.2013	ESCM1206			Galicia
ES014ZSENPZSGC2	Lagoa de Bodeiro	*	aP	28.1.2013	ESCM1201			Galicia
ES014ZSENPZSGC8	Lagoa de Carnota-Caldebarcos	ES014MSPF32	aP	28.1.2013	ESCM1207			Galicia
ES014ZSENPZSGC9	Lagoa de Corrubedo (Artes-Carregal)	ES014MSPF30	aP	28.1.2013	ESCM1208			Galicia





Descrición da zona sensible						Aglomeracións urbanas maiores de 10.000 habitantes equivalentes		
Código	Nome	Masa de auga	Criterio designación	Data declaración	Zona de captación	Nome	Código	Comunidade Autónoma
ES014ZSENPZSGC5	Lagoa de Doniños	*	aP	28.1.2013	ESCM1204			Galicia
ES014ZSENPZSGC10	Lagoa da Frouxeira	ES014MSPF40	aP	28.1.2013	ESCM1209			Galicia
ES014ZSENPZSGC4	Lagoa de San Pedro de Muro	*	aP	28.1.2013	ESCM1203			Galicia
ES014ZSENPZSGC6	Lagoa de Sobrado dos Monxes	*	aP	28.1.2013	ESCM1205			Galicia
ES014ZSENPZSGC3	Lagoa de Vixán	*	aP	28.1.2013	ESCM1202			Galicia
ES014ZSENPZSGC1	Ría de Ferrol	ES014MSPF39 ES014MSPF52	aP	28.1.2009	ESCM995			Galicia
ES014ZSENEscM626	Ría de Pontevedra	ES014MSPF27 ES014MSPF48 ES014MSPF8	aP	22.5.2001	ESCM626	Pontevedra-Marín-Poio Bueu	ES12360381006010 ES12360040301010	Galicia

